

DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NA CERIMONIA DE ENTREGA DAS MEDALLAS DE GALICIA

Santiago, 25 de xullo de 2009.-

Señores ex presidentes da Xunta de Galicia, autoridades presentes, amigas e amigos.

Hai unha definición do heroísmo que nos axuda a entender a relevancia deste acto. Ademais de fuxir de vellas mitoloxías e axustarse ao prosaico mundo moderno, ten a virtude de ser formulada por un home que sen dúbida soñou nalgún momento cunha cerimonia coma esta.

A definición pertence a Alfonso Rodríguez Castelao, e di así: *O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidade, e as ideas en feitos.*

A andaina autonómica do noso país transforma os desexos dunha Galicia democrática, nunha realidade institucional e social que se vive sen sobresaños. E converte a idea dunha concordia galeguista, nun feito cotián.

Os galegos somos protagonistas dun acto heroico que, porén, carece do dramatismo que historicamente está asociado ás grandes epopeas dos pobos que conquistan a liberdade. O heroísmo é dobre porque o gran xubileu de Galicia se acada sen vencedores nin vencidos, sen vítimas nin verdugos, sen romper vencellos con pobos irmáns, abríndose ao mundo, e recuperando unha personalidade que non precisa de inimigos para se afirmar.

Cómpre contemplar con perspectiva esta aventura na que todos e todas somos partícipes para decatarnos da súa relevancia. Non hai moitos precedentes dun país que resucite en tan pouco tempo, e sen ter que pagar elevados custos humanos.

Cando Alfredo Brañas sentía patrióticos celos da Irlanda que entón loitaba con sangue pola súa liberdade, non podía imaxinar que hoxe, superado o limiar do século XXI, catro ex presidentes galegos conmemorasen xuntos o Día Grande de Galicia, en medio dun país que é dono dos seus destinos.

Algúns deles foron adversarios, como corresponde ao pluralismo de calquera democracia madura. Todos eles son hoxe estandartes do mesmo heroísmo cívico definido por Castelao. Sendo Galicia peregrina polos camiños da historia, a eles correspondeulles unha etapa que percorreron con honor e patriotismo.

Velaí a diferenza que separa os países de fonda raizame democrática, daqueles outros nos que as normas de convivencia en liberdade son epidérmicas. Nos primeiros está

vixente unha idea de continuidade histórica que falta nos segundos. Nuns, existen valores compartidos e o sentimento patriótico non é privativo de ninguén. Noutros, o mesmo país está parcelado en minifundios irreconciliables que se miran con hostilidade.

En Galicia existen valores compartidos e un camiño que é o mesmo para todos. Este acto é a mellor proba diso. Aínda que moitos deses valores sexan comúns ás demais democracias contemporáneas, outros singularizan a nosa cultura política, e merecen ser subliñados.

Reffrome á materia prima ideolóxica do galeguismo cordial, formulado con sapiencia por homes coma Ramón Piñeiro e toda a súa xeración. Parte dese milagre laico do que é artífice a sociedade galega, débese á teima por facer do galeguismo unha casa común, e non unha divisa partidaria.

Hai unha gran xenerosidade nesa concepción aberta que prefire abranguer no galeguismo a todo o país, por máis que iso requira renunciar a dogmas moito tempo cultivados. Elaborar unha ideoloxía en función do pobo, e non pretender que o pobo se adapte a esa ideoloxía, é un principio tan fermoso como intelixente, que lle outorga aos galeguistas históricos na democracia galega, un papel semellante ao que tiveron os filósofos gregos no desenvolvemento da democracia ateniense.

Lembraba hai pouco tempo unha emotiva escena na que foron protagonistas Ramón Piñeiro, e o que estaba a piques de ser investido polo Parlamento como primeiro presidente da historia de Galicia.

Xerardo Fernández Albor diríxese a don Ramón, deputado independente nos escanos socialistas, para recoñecer a súa débeda co maxisterio cordial dos galeguistas. Dúas lexitimidades, a da resistencia levada polos galeguistas históricos, e a democrática saída das urnas recentemente estreadas, dábanse a man para iniciar, xuntas, un novo camiño. Era o bautismo dun país. Confluían naquel instante vontades distintas que esperaban a oportunidade de ser unha soa.

Ese mesmo camiño sería seguido despois polos seus sucesores na Presidencia da Xunta e fora seguido antes polos presidentes preautonómicos Antonio Rosón e Xosé Quiroga. Todos eles recoñeceron que, ademais do padroado apostólico do Noso Señor Santiago, había outro terreal e plural, exercido polo galeguismo amable. O fío nunca se perdeu. A continuidade da que antes falabamos foi tecida por unha maneira de entender Galicia que a fai máis forte, máis unida, máis cosmopolita.

Ese cosmopolitismo que recolle a vella ilusión de facer de Galicia unha *célula de universalidade*, é tamén un trazo común aos homes que hoxe reciben a condecoración mais importante do noso país.

Por acción, devoción e convicción, os catro mandatarios simbolizan a galegitude que rexeitou a resistencia estéril como solución ás nosas inxedanzas. Para todos eles, Galicia, España e Europa son círculos que teñen o home galego no seu centro.

Así como o noso símbolo máis universal, a Catedral compostelá, vai atesourando as identidades de todos os peregrinos que se achegaron a ela durante os séculos de historia xacobeá, tamén o ser de Galicia se enriquece con identidades que poden convivir sen conflito ningún.

Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño, merecen por iso a tripla distinción como presidentes de Galicia, como políticos españois que contribuíron a asentar unha idiosincrasia autonómica solidaria, e como figuras do europeísmo.

Participando en procesos decisivos como a unificación alemá, negociando o ingreso de España na Comunidade Europea, fomentando a Europa das rexións, e traballando polos espazos de cooperación transfronteiriza, fixeron realidade os desexos e as ideas daquel galeguismo que encheu o seu patrimonio intelectual con adquisicións feitas en calquera lugar onde agromara a luz da ilustración. Seguindo os seus pasos, os nosos presidentes percorreron o Camiño en dirección a España, Europa e o mundo, coa equipaxe dun autogoberno que nacía para confirmar que Galicia clamaba por ter un lugar propio entre os pobos democráticos.

Velaí confirmado o heroísmo humanista ao que se refería Castelao na súa afortunada sentenza. ¿Pero que fai que desexos e ideas, se transformen en realidades e feitos? ¿Cal é o segredo que fai posible que letras mil veces cantadas en himnos, deixen de pertencer ao país dos soños? A política.

Quero que este acto sirva tamén como reivindicación do político. Representados polos presidentes Albor, Laxe, Fraga e Touriño, están unha morea de servidores do ben común que tiveron a sorte e o desafío de inventar unha comunidade que só existira no sentimento. A Galicia abondosa en pensadores que a imaxinaban, en poetas que a louvaban, en escritores que a narraban, en filósofos que a intuían no pálpito do pobo, precisaba de políticos que a fixeran. E tívoos.

Os catro presidentes son testemuñas do difícil que foi erguer esa nova catedral civil na que fan habitar os galegos do futuro. O lar autonómico tiña que xuntarnos nunha ilusión común, sen descoidar a xestión cotiá, e procurando que o encaixe da España autonómica non esquecera o interese de Galicia.

Aquela democracia incipiente debía ter bases sólidas, sen que iso afectara os debates propios do pluralismo, nin dificultara a alternancia partidaria no poder. Asombra ver o que se fixo. Admira que un sistema que aínda botaba a andar, superara situacións difíciles, e que a cidadanía vivira con naturalidade e grandeza as remudas á fronte do Goberno galego. Digámolo: todo iso foi posible polo carácter da nosa xente, e polo acerto de políticos que se elevaron das súas siglas partidarias ata acadar o recoñecemento para sempre do pobo ao que serviron: Galicia.

Todo iso foi posible porque Galicia contou con presidentes que se sentiron peregrinos nunha andaina que empezou no principio dos tempos. A responsabilidade que eles tiveron exércese moitas veces en soidade. Chega un momento en que ditames, estudos e consellos non poden liberar o mandatario de decisións que están irremediabilmente marcadas pola súa impronta persoal.

Xa sei que son momentos duros que o protagonista non poderá compartir nunca, con ninguén. O tempo, en cambio, si pode xulgar o seu acerto, e o tempo sentencia que Galicia tivo en todos eles excelentes guías.

Tivo e aínda ten. Ese galeguismo que foi sempre na procura das fontes do pensamento, que participou decote nos grandes debates do seu tempo, non pode quedar hoxe á marxe dunha época apaixonante, necesitada do heroísmo definido polo gran rianxeiro. Porque segue habendo desexos que esperan ser realidades. Porque segue habendo ideas que agardan que alguén as esperte, para tomar vida. Porque o futuro, como dicía aquela gran dama que foi Eleanor Roosevelt, pertence aos que cren na beleza dos seus soños.

Panta Rei. Todo flúe, todo cambia. As palabras pronunciadas por un pensador hai dous mil cincocentos anos, seguen vixentes hoxe e ensínnanos que a vertixe que sentimos diante das transformacións incesantes, non é moi diferente ao que sentiron os máis afastados devanceiros.

Os pobos que reaccionaron con medo e os dirixentes que optaron polo inmovilismo, xa son estatuas de sal nos museos da historia. Galicia é o mellor exemplo de que un país non perece se é quen de utilizar os cambios no seu proveito, con ideas novas, con respostas audaces, con políticas que unan.

Non hai unha *escuela de presidentes*, pero eu síntome aquí discípulo destes homes que deixan un valioso maxisterio. Vexo en Xerardo Fernández Albor a quen soubo facer do sentido común o ingrediente necesario da política. Valoro en Fernando González Laxe a cercanía á xente, lonxe de anacrónicas solemnidades. Quixera aprender, don Manuel, da súa entrega total a un país de cuxa paisaxe xa forma parte para sempre. Teño en Emilio Pérez Touriño o exemplo do que loita pola autonomía cando mesmo era arriscado soñala, para rexila despois con impecable dignidade.

O Pórtico da Gloria é o limiar que dá entrada ao símbolo grandioso do noso pasado, pensado, concibido e feito pola nosa xente. Recollamos ese espírito transformado en pedra inmortal, invoquemos o esforzo e a creatividade dos heroes coñecidos e anónimos que legaron a súa obra á posteridade. Eles son a mellor proba da forza de Galicia. Unha forza que nos permitiu despois construír unha autonomía con todos, de todos e para todos.

Presidentes: Presidente Albor, Presidente Laxe, Presidente Fraga e Presidente Touriño, grazas por tantos desexos e ideas realizadas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA